



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Antropoloxía dos problemas globais

Materia	Antropoloxía dos problemas globais			
Código	003G440V01108			
Titulación	Grao en Relacións Internacionais			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Braña Rey, Fatima			
Profesorado	Braña Rey, Fatima			
Correo-e	fatimab@uvigo.es			
Web	<a href="http://Guía docente UdC: https://guiadocente.udc.es/guia_docent/index.php?centre=710&amp;ensenyament=710G05&amp;consulta=assignatures">http://Guía docente UdC: https://guiadocente.udc.es/guia_docent/index.php?centre=710&amp;ensenyament=710G05&amp;consulta=assignatures</a>			
Descrición xeral	Esta materia é coordinada dende a Universidade de A Coruña e a súa guía docente pódese consultar na web arriba indicada.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B2	Adquirir a habilidade para traballar nun contexto internacional
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
D2	Comprender a estrutura, as competencias e o funcionamento das institucións e organización internacionais, así como as súas relación con outros actores, estatais e non estatais
D3	Coñecer os conceptos, teorías e técnicas aplicadas á análise dos actores e relacións internacionais, tanto no ámbito universal coma no rexional, cunha perspectiva tanto histórica coma contemporánea
D5	Comprender e analizar os procesos globalizadores, as dinámicas de deslocalización e estratexias alternativas
D7	Analizar a realidade global nas súas diferentes dimensións, en particular a xeográfica, a política, a social, a económica e a xurídica
D9	Analizar e avaliar problemas medioambientais e patrimoniais nas relacións internacionais
D10	Adquirir coñecemento das técnicas, métodos de traballo e análise das ciencias humanas, sociais e xurídicas

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Sensibilización acerca de principais problemas e ameazas aos que se enfrontan as sociedades humanas nun mundo globalizado, a través dun coñecemento preciso de tales problemas.	A2	B2	C8	D2
Recoñecer as brechas en xénero na realidade profesional e no coñecemento científico.	A3			D3
				D5
				D7
				D9
				D10
Desenvolvemento dunha capacidade crítica (concretada en A) a partir da bagaxe previa recibida, saber buscar, localizar e analizar información, B) saber aplicala) que permita seguir ampliando de forma autónoma devandito coñecemento.	A2	B2	C8	D5
	A3			D7
				D9
				D10

<b>Contidos</b>	
Tema	
1. Lóxica e dimensións básicas do modelo hexemónico no que vivimos.	1.1. Dimensións básicas 1.2. Contradicións estruturais. 1.3. Críticas. 1.4. Unipolaridade vs multipolaridade
2. Caracterización específica do modelo hexemónico nos países da nosa contorna.	2.1. O concepto de sociedade post-industrial. 2.2. A crise do estado do benestar: causas e consecuencias. 2.3. O concepto de acumulación por desposesión e a súa aplicación (David Harvey). 2.4. Críticas ao modelo neoliberal dominante.
3. Os límites do Desenvolvemento.	3.1. Por que falamos de límites do Desenvolvemento. 3.2. Desenvolvemento e post-desenvolvemento. 3.3. Dos problemas do desenvolvemento ao desenvolvemento como problema. 3.4. As perspectivas achega do desenvolvemento sostible; críticas. 3.5. A formulación crítica de Arturo Escobar.
4. Posturas e debates en torno ao crecemento demográfico.	4.4. Posturas e debates.
5. Migracións internas	5.1. Tipos e causas. 5.2. O problema da hiperurbanización a medio e longo prazo
6. Migracións externas.	6.1. Problemas e conflitos asociados. 6.2. Crise dos modelos clásicos de integración. 6.3. Alternativas.
7. Desenvolvemento e problema ambiental.	7.1. Formulacións 7.2. Debates e polémicas.
8. Saúde e Educación no mundo global.	8.1. Problemas, dificultades, prospectivas. 8.2. Xénero, Saúde e Educación.
9. Desigualdades de xénero	9.1. Formas que adoptan. 9.2. Formas de violencia sobre as mulleres: dimensións descritivas do problema e análise de causas. 9.3. Respostas políticas (e repercusións na praxe social) aos problemas de desigualdade e violencia de xénero. 9.4. Xénero e desenvolvemento.
10. A fenda dixital	10.1. Dimensións do problema no mundo actual
11. A desigualdade social	11.1. Dimensións do problema 11.2. Alternativas

### **Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	16	31	47
Estudo de casos	15	15	30
Seminario	16	15	31
Exame de preguntas obxectivas	2	36	38
Presentación	2	0	2
Estudo de casos	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### **Metodoloxía docente**

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante. Nestas sesións tamén se incluírán algunhas dinámicas como crebacabezas ou análise de textos que axuden e dinamicen a comprensión e asimilación dos conceptos teóricos da materia.
Estudo de casos	Análise, reflexión e exposición dun caso concreto en base aos materiais teóricos e prácticos proporcionados tanto na parte teórica como práctica.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Poderanse empregar complemento das clases teóricas.

### **Atención personalizada**

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O alumnado poderá solicitar titorías presenciais ou virtual a través do correo electrónico do profesorado fatimab@uvigo.es

<b>Avaliación</b>			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas obxectivas	Proba de avaliación de competencias adquiridas que inclúe preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta.	40	B2 C8 D3
Presentación	O alumnado presentará os resultados dos traballos realizados tanto se son realizados de forma individual ou grupal.	20	A2 A3
Estudo de casos	Realizaranse a partir de lecturas, debates e outras actividades que conducirán de forma individual ou grupal a un estudo de caso.	40	B2 C8 D3 D5 D9 D10

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Na primeira e segunda convocatoria a nota final será o resultado da suma das metodoloxías descritas para a avaliación sempre que se aprobe o exame e o estudo de caso. Se non se aproba exame e estudo de caso non se sumarán as cualificacións de cada avaliación e suspenderase a materia. Igualmente aínda aprobando exame e estudo de caso será necesaria unha nota mínima de 5 para aprobar a materia.

A avaliación continua require asistencia ás aulas expositivas e prácticas de forma suficiente de acordo co Regulamento da Universidade de Vigo.

O alumnado non presencial terá o mesmo tipo de metodoloxías de avaliación e deberá solicitar a avaliación global antes do 29 de febreiro a través da plataforma Moovi da materia.

=====

A plataforma de aula virtual conta con ferramentas para detectar posibles comportamentos anómalos e deshonestos, así como para detectar posibles plaxios en traballos escritos. No caso de detección de plaxio nalgunha proba/traballo/test/exame/actividade a cualificación final da materia será Suspenso (0) e o feito será comunicado ao Decanato do Centro para que adopte as medidas oportunas.

Ao comezo do curso indícase, a través de Moovi, as características do traballo, exercicios, probas, así como a bibliografía completa.

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co estudante na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, pode requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase e do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que poidesen xurdir. Así mesmo, achegarase aos estudantes a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo. Moovi será a plataforma utilizada para a difusión desta información.

Ante calquera contradición que se puidera dar entre as distintas versións da guía, por mor dalgún erro na tradución, a versión que prevalecerá é esta versión na lingua galega.

*As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso actual. No caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames prevalecerán as sinaladas na páxina web da Facultade.*

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

KOTTAK, C.:, **Antropología cultural**, 14, McGraw Hill, 2011

Carol R. Ember, Melvin Ember, Peter N. Peregrine, **Antropología**, 84-205-3743-8, 10, Pearson Educación, 2004

Miller, Barbara, **Antropología cultural**, Pearson Educación, 2011

#### **Bibliografía Complementaria**

### **Recomendacións**

### **Outros comentarios**

Esta Guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar ao cabo co alumnado na materia e concíbese de forma

flexible. En consecuencia, pode requirir axustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase e do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen aparecer.

Así mesmo, achegarase ao alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

A bibliografía será completada a través da plataforma Moovi.

Recoméndase ao alumnado que teña presentes en todo momento as normas APA pois a omisión de citas e referencias bibliográficas nos exercicios e traballo será considerada plaxio e por tanto se avaliará a proba cunha nota de 0.

---